

# Programa de préstamo de bicicletas na UDC (Curso 2017/2018)

Oficina de Medio Ambiente, Vicerreitoría de Económica, Infraestruturas e Sustentabilidade (Universidade da Coruña)

- Obxectivos
- Colectivos obxecto do programa
- Achegas do programa
- Solicitudes de participación
- Pagamento das taxas e entrega das bicicletas
- Devolución da bicicleta
- Requirimentos de participación
- Actividades divulgativas
- Documentación de interese
- Ligazóns de interese sobre as bicicletas
- Características das bicicletas ofrecidas

## Obxectivos

A Universidade da Coruña (UDC), consciente da necesidade de incorporar a ética da sustentabilidade a toda a súa actividade, pretende fomentar entre todos os membros da comunidade universitaria o sentido da responsabilidade pola conservación e mellora do medio ambiente. A promoción dos modos de desprazamento sustentábeis en detrimento do coche particular é un dos obxectivos marcados pola UDC.

Por tal razón, e tras a experiencia positiva de cursos anteriores, a UDC fai pública a convocatoria do Préstamo de bicicletas para o curso 2017-2018. O préstamo vai dirixido a toda a comunidade universitaria: Estudantes, PAS e PDI.

O obxectivo deste programa é o de promover o emprego da bicicleta como vehículo sostible, facilitando o acceso a unha bicicleta a aquelas persoas interesadas en facer uso da mesma para desprazarse aos centros universitarios.

As persoas interesadas teñen a posibilidade de elixir entre unha bicicleta de tamaño grande (Modelo Alegre, de 28" e con cambio de 21 velocidades), ou unha de tamaño medio (de 26" e con cambio de 6 velocidades) (ver características dos modelos ao final deste documento).

## Colectivos obxecto do programa

O programa de préstamo de bicicletas vai dirixido a:

- Estudantes da UDC.
- PDI da UDC.
- PAS da UDC.

## Achegas do programa

O programa de préstamo de bicicletas comprométese cos seus participantes a:

- Dotación dunha bicicleta e casco (entregarase cadeado so até esgotar existencias).

- Asesoramento técnico no momento da entrega da bicicleta e durante o tempo de vixencia do programa.

Durante os meses nos que o préstamo estea activo, desde a Oficina de Medio Ambiente da UDC informarase a todos os participantes das actividades que se organicen en relación ao fomento do uso da bicicleta.

- Resolución de dúbidas dos usuarios, mediante correo electrónico ([bicis@udc.es](mailto:bicis@udc.es)).

### **Solicitudes de participación**

Todas aquelas persoas que estean interesados en participar no préstamo de bicicletas deberán cursar a súa solicitude a través dunha aplicación informática dispoñíbel na web da UDC, apartado de medio ambiente ([http://www.udc.es/sociedade/medio\\_ambiente/bicis/](http://www.udc.es/sociedade/medio_ambiente/bicis/)), achegando a seguinte información:

- Nome e apelidos
- NIF
- Colectivo ao que pertence: estudante, PDI ou PAS
- Campus no que estuda ou traballa
- Centro ou edificio no que estuda ou traballa
- Correo electrónico de contacto
- Teléfono persoal de contacto (no caso de PAS e PDI, indicar tamén a extensión na UDC)
- Enderezo durante o curso
- Indicar preferencia tamaño de bici: Grande (28”), Mediana (26”); Indiferente

### **O prazo para a inscrición de solicitudes vai do 13 ao 19 de setembro de 2017**

A adxudicación das bicicletas farase en función da orde de inscrición, ata esgotar o número máximo de bicicletas dispoñíbeis en cada un dos tamaños, a metade aproximadamente de tamaño grande (28”) e outra metade de tamaño medio (26”). En función deste criterio, a UDC poderá adiantar unha lista parcial das primeiras solicitudes e adxudicacións, con vistas a axilizar a entrega das bicicletas.

A listaxe de persoas ás que se lle concederá unha bicicleta farase pública a través desta web, e comunicarse directamente ás persoas adxudicatarias, xunto coas instrucións para a realización do pagamento e a formalización da concesión. Unha vez realizado o pagamento, informarase da data e lugar da entrega das bicicletas.

### **Pagamento das taxas e entrega das bicicletas**

Establécese unha taxa anual de 20 euros para o persoal da UDC (PDI ou PAS) e de 10 euros para o estudiantado polo préstamo das bicicletas, que as persoas adxudicatarias deberán aboar antes da recollida das bicicletas, no prazo e forma que se indicará no seu momento.

### **Devolución da bicicleta**

A UDC establecerá un calendario de devolución das bicicletas para o mes de xuño de 2018, no que indicará datas e lugares de devolución. A devolución tamén poderá ter

lugar ao longo do curso, por iniciativa da persoa usuaria, en data acordada coa OMA-UDC.

### **Requirimentos de participación**

- As persoas adxudicatarias deberán facer efectivo o pagamento da taxa polo servizo indicada nas normas anteriores.
- A bici deberá ser recollida persoalmente no lugar e datas que se indicarán polo servizo.
- As persoas participantes asinarán, o día que se lles entregue a bicicleta, un contrato de cesión onde se comprometen a facer uso da bicicleta para a finalidade prevista, e a devolver as bicicletas (así como o casco e, de ser o caso, o cadeado) nas datas indicadas e en perfectas condicións de uso.
- O período de préstamo poderase reducir por decisión individual das persoas usuarias, para o que deberán concertar coa entidade xestora do préstamo unha data e hora de entrega.
- O arranxo de avarías non debidas a defectos iniciais da bicicleta, así como a reposición daqueles elementos danados ou perdidos, correrá a cargo das persoas usuarias.
- As persoas participantes comprométese a cumprimentar unha enquisa ao comezo e outra ao final do período de préstamo.
- É enteira responsabilidade da persoa usuaria facer un uso correcto da bicicleta, polo que a UDC non se responsabiliza de ningún prexuízo que de tal uso se poida derivar.

### **Actividades divulgativas**

A UDC porá a disposición das persoas usuarias material informativo (vía web) sobre as normas básicas de seguridade á ter en conta á hora de desprazarse en bicicleta polas cidades.

Así mesmo, organizaranse actividades divulgativas sobre o uso da bicicleta, así como obradoiros formativos no caso de seren requiridos polas persoas usuarias.

### **Documentación de interese**

-SOMOS TRÁFICO: folleto informativo sobre medidas de seguridade e outros consellos para desprazarse en bicicleta polas cidades.

[http://www.udc.gal/sociedade/medio\\_ambiente/bicis/](http://www.udc.gal/sociedade/medio_ambiente/bicis/)

Guía para la implantación de sistemas de bicicletas públicas en España. (IDAE).

[http://www.idae.es/index.php/mod.documentos/mem.descarga?file=/documentos\\_Guia\\_Bicicletas\\_8367007d.pdf](http://www.idae.es/index.php/mod.documentos/mem.descarga?file=/documentos_Guia_Bicicletas_8367007d.pdf)

-Recomendacións para circular seguro na bicicleta.

<http://pedalibre.es/ciclismo-seguro/>

-Guía práctica para circular en bicicleta.

<http://www.andaluciaporlabici.org/tmp/documentos/guia.pdf>

### **Ligazóns de interese sobre as bicicletas**

### Programas de préstamo de bicicletas noutras Universidades

- [Universidade de Santiago de Compostela](#)
- [Universidade de Valencia](#)
- [Universidade de Valladolid](#)

### Páxinas web

- [BICIS.INFO](#)
- [Con bici](#)
- [Amigos del ciclismo](#)
- [Ciclismo urbano](#)
- [Asociación Cicloturista de Usuarios de Bicicleta](#)
- [BikeZona:](#)
- [ADEGA](#)
- [Manual para o mantemento de bicicletas](#)

## CARACTERÍSTICAS DAS BICICLETAS



ALEGRE PASEO 28" SRA., CADRO DE ALUMINIO 7005, SUSP. DIAN.,  
21V. SHIMANO TX-30. LLANTAS DE DOBLE  
PARED. SILLIN CON SUSPENSION.  
CERRE RAPIDO RODA DIANTEIRA.CAMBIO SHIMANO REVO SHIFT  
.PIÑON 7V.  
SHIMANO.BIELAS ACEIRO.  
PORTAEQUIPAXES TRASEIRO. CESTA DIANTEIRA . EQUIPO DE LUZ  
CON DINAMO. GARDALAMAS E  
CUBRECADEAS.

**MODELO: TOP-26**  
(Modelo 26" provisional)



Nota: o equipamento deste modelo é similar ao do anterior, e inclúe cesta e luz

**MODELO: TOP-26**

CADRO: PASEO 26" ALUMINIO  
HORQUILLA: ACEIRO  
CAMBIO: SHIMANO TX-30  
PIÑÓN: 6V.  
MANDOS: GRIP SHIFT 6V.  
FRENOS: V/BRAKE ALUMINIO  
LLANTAS: ALUMINIO  
CUBERTAS: 26 x 1.75  
MANILLAR: ALUMINIO *DOBRE ALTURA*  
POTENCIA DE MANILLAR: ALUMINIO REGULABLE  
CERRE RÁPIDO: EN ASENTTO  
ASENTO: CONFORD CON MOLAS  
EXTRAS: Gardalamas, Portavultos, Cesta e luz.